



PLAN DIXITAL

CEIP A IGREXA-CALO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP A Igrexa-Calo 15017041
- Dirección: Lugar de Fixó n.º 14
Calo (San Xoan) Teo
15866 A Coruña
- Teléfono: 881866438
- Correo electrónico: ceip.igreja.calo@edu.xunta.gal
- Páxina web: www.edu.xunt.es/centros/ceipigrexacalo
- Etapas educativas: Infantil e primaria
- Número de alumnado: 362
- Número de profesorado: 30

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso centro está situado no concello de Teo na comarca de Santiago.

- O nivel socio-económico da maioría das familias é medio, ou medio-baixo.
- O Plan Dixital vai dinamizar e mellorar o proceso educativo e a implicación de toda a comunidade educativa.
- O Plan Dixital será o fío condutor con outros plans xa implementados no centro como o PLAMBE, EDIXGAL...

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa na que se basa o Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do PD por parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital comeza cunha toma de datos da situación do noso centro mediante unha enquisa (o SELFIE).

A continuación realizamos unha análise DAFO. Do DAFO seleccionáronse tres obxectivos prioritarios. Finalmente redactamos o Plan Dixital do noso centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

[Recomendacións para este apartado] Indicar moi brevemente:

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:
- Conexión a internet por cable: en cada unha das aulas.
- Conexión sen fíos: wifi do centro e wife edixgal
- Conexión telefónica: hai línea telefónica nas oficinas administrativas, nos despachos e na sala de mestres.
- Plataformas e servizos dixitais: EDIXGAL 5º e 6º curso, Abalarmóbil, páxina web do centro, aula virtual do centro.
- Equipamento dispoñible: temos unha aula de informática con, na sala de mestres hai dous ordenadores. En cada aula hai un proxector, unha pantalla interactiva e un ordenador.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: UAC, Edixgal Premium e unha empresa externa.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:
www.edu.xunt.es/centros/ceipigrexacalo

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

O **resumo das áreas** do informe SELFIE da etapa educativa de Primaria móstrase na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	4,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,7				

G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4,3				

Con respecto ao Test CDD incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	24	66,7%
OUTROS	0	1	0%
PROVISIONAL	2	4	50%
SUBSTITUTO	2	4	50%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	79	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
Pri.	64,4	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5%
A2	6	30%
B1	11	55%
B2	2	10%
C1		
C2		
TOTAL	20	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1- A asistencia técnica é boa. 2- Hai dispositivos dixitais que poden ser usados polo alumnado. 3- Empréganse os servizos corporativos para difundir información e promover o seguimento das tarefas e actividades.	1- O proceso de ensinanza e aprendizaxe está pouco sustentado nas novas tecnoloxías. 2- Na política de protección de datos é insuficiente. 3- Nas aulas do centro, hai pouco equipamento informático mercado polo propio centro.
	PERSOAL DOCENTE	1- Apóiase e cóntase co apoio para explorar novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. 2- Existe unha boa reflexión sobre as TIC. 3- Hai unha suficiente reflexión sobre as necesidades de DPC 4- O profesorado fai buscas de recursos educativos dixitais. 5- O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo. 6- Empréganse tecnoloxías dixitais para adaptar a metodoloxía ás necesidades individuais. 7- Empréganse as tecnoloxías dixitais para desenvolver actividades colaborativas.	1- A participación en proxectos interdisciplinares é insuficiente. 2- A creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza é insuficiente.
	PERSOAL NON DOCENTE		1- A participación en proxectos interdisciplinares é insuficiente.
	ALUMNADO	1- O centro conta con dispositivos dixitais para o seu uso por parte do alumnado.	1- O Alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando as tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS		
	OFERTA	1- Apóiase e cóntase co apoio para explorar novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. 2- Promóvese, coñécese e faise uso do software libre no ámbito educativo no centro.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1- Apoio para explorar novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. 2- Asistencia técnica boa. 3- Faise uso dos servizos corporativos para difundir información e promover o seguimento das tarefas e actividades.	1- A estratexia dixital é insuficiente.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1- A asistencia técnica é suficiente. 2- O centro coñece a normativa e promove a participación en plans de formación.	1- O proceso de ensinanza e aprendizaxe está pouco sustentado nas novas tecnoloxías.
	LEXISLACIÓN	1- O centro coñece a normativa e promove a participación en plans de formación.	1- A política de protección de datos é insuficiente.

	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos do noso plan dixital xurden *[Recomendacións para este apartado]* Indicar brevemente a secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO: Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Indicar tamén brevemente:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan (consultar o documento coas recomendacións para a elaboración dos obxectivos).

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

[Recomendacións para este apartado] Indicar:

Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso **establecer en cada caso a finalidade** para a que se precisan ditas melloras.

Ter presente na redacción deste apartado as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover a formación do profesorado no uso de ferramentas TIC				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de profesorado que realiza a formación no uso de ferramentas TIC (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida: (3)	30% do profesorado					
Valor previsto e data: (4)	75% do profesorado					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar unha enquisa ao profesorado para valorar o interese na formación.	Equipo directivo	30/09/22	Enquisa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear un grupo de traballo e solicitar a formación das ferramentas TIC máis axeitadas.	Equipo directivo e profesorado do grupo de traballo	28/10/22	Ponente/s, Fprofe.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un banco de recursos coas ferramentas TIC na Aula Virtual do centro como medio de difusión.	Profesorado do grupo de traballo	20/06/23	Dispositivos electrónicos, Aula Virtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADo (A)						
OBXECTIVO 2: (1)	Mellorar a política de protección de datos na comunidade educativa				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe da comunidade educativa que coñece e aplica correctamente o Protocolo de protección de datos (Instrumento: Cuestionario)					
Valor de partida: (3)	Non hai datos					
Valor previsto e data: (4)	90% da comunidade educativa			20/06/23		
ACCIÓNs A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Realizar unha enquisa ao profesorado para valorar o interese na formación.	Equipo directivo	30/09/22	Enquisa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear un grupo de traballo e solicitar a formación sobre política de protección de datos.	Equipo directivo e profesorado do grupo de traballo	31/03/23	Fprofe.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Levar a cabo a formación sobre política de protección de datos.	Profesorado	20/06/23	Ponente/ponentes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 3: (1)	Crear actividades de ensinanza-aprendizaxe no marco do proxecto educativo Polos Creativos				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades de ensinanza-aprendizaxe creadas e empregadas (Instrumento: Memoria Anual)					
Valor de partida: (3)	0					
Valor previsto e data: (4)	Tres actividades de ensinanza-aprendizaxe			20/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Solicitar un PFPP para o desenvolvemento do proxecto Polos Creativos.	Equipo directivo	01/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Levar a cabo a formación do profesorado.	Profesorado do grupo de traballo	20/06/23	Dispositivos electrónicos, ponente/ponentes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Elaborar e implementar actividades de ensinanza-aprendizaxe.	Profesorado do grupo de traballo	20/06/23	Dispositivos electrónicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Como o resto de documentos do centro este Plan Dixital darase a coñecer a toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.